



CONVOCATORIA BOLSAS INTERNACIONAIS BANCAJA

UNIVERSIDADE DA CORUÑA 2009

(para estancias no curso 2009-2010)

En virtude do convenio vixente entre Bancaja e a Universidade da Coruña subscrito o 27 de setembro de 2006, a Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais publica a presente convocatoria de bolsas complementarias en concepto de axudas para fomentar a mobilidade internacional, destinadas aos estudantes matriculados na Universidade da Coruña que participen en programas de mobilidade internacional durante o curso 2009-2010.

Obxecto da bolsa:

Axuda económica á realización da estancia en universidades europeas dentro dun programa de mobilidade Erasmus e de programas de mobilidade desenvolvidos baixo convenios bilaterais, co obxectivo de completar a formación dos participantes coa experiencia académica en universidades estranxeiras, así como fomentar a proxección exterior e a mobilidade internacional da Universidade da Coruña.

O importe total das axudas será dun máximo de 50.000 €, dotación anual de Bancaja no programa de bolsas.

Requisitos dos candidatos:

- Ser españois ou estar en posesión da residencia permanente en España;
- participar nunha mobilidade Erasmus durante o curso 2009-2010
- participar nunha mobilidade bilateral durante el curso 2009-2010;
- Non ter sido beneficiario dunha axuda de Bolsas Internacionais Bancaja en convocatorias anteriores.

Documentación a presentar, forma, lugar:

Os estudantes interesados deberán presentar a súa solicitude segundo o modelo adxunto Anexo I dirixido á Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais, achegando a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia do expediente académico con cálculo de media de acordo coa Resolución da Secretaría Xeral da Consellería de Ordenación Universitaria de data 15-03-2005.

Prazo e lugar de presentación da solicitude:

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (Rúa Maestranza 9, 15001 A Coruña) ou nos Rexistros Auxiliares: Rexistro da Vicerreitoría do campus de Ferrol (Rúa Dr. Vázquez Cabrera s/n Esteiro, 15403 Ferrol) y el Rexistro de Elviña (Casa da Galería. Campus de Elviña, 15071 A Coruña) a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e ata as 14:00 horas del día 25 de setembro de 2009.



Resolución:

O resultado publicarase antes do día 6 de outubro de 2009, na Oficina de Relacións Internacionais, e nas páxinas web www.udc.es/ori e www.bancaja.es/obrasocial.

Criterios de Selección / Avaliación:

A selección farase en función da media do expediente académico. A media será calculada de acordo coa Resolución da Secretaría Xeral da Consellería de Ordenación Universitaria de data 15-03-2005.

Comisión de selección:

A comisión de selección estará composta por:

Presidente: María José Martínez López, Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais

Secretaria: Berta Guijarro Berdiñas, Directora da ORI.

Vocal 1: Sandra King Gouyer, Responsable Técnico da ORI.

Vocal 2: Diego Varela Pedreira, Técnico Superior en Relacións Internacionais.

A comisión de selección efectuará proposta á Comisión Mixta Bancaja-UDC que no seu caso ratificará a lista de beneficiarios segundo está previsto no convenio vixente entre ambas Institucións.

Contra esta resolución, poderase interpoñer recurso de reposición ante a Comisión Mixta Bancaja-UDC no prazo de 15 días a partir do día seguinte ao da publicación da lista de seleccionados e da lista de espera.

Aceptación da bolsa:

O beneficiario deberá subscribir o Documento de Aceptación da bolsa Bancaja (Anexo 2) no prazo máximo de **15 días** a partir da publicación das listas de seleccionados e entregalo na Universidade da Coruña na Oficina de Relacións Internacionais. No documento de aceptación a persoa beneficiaria fará constar o número de conta de Bancaja da que debe ser titular na que recibirá os pagos da axuda.

Incumprimento de estancia

No caso de non completar a estancia prevista, o estudante comprométese a devolver á Universidade a parte proporcional da bolsa, salvo causa de forza maior.

Pago da bolsa

O pagamento das axudas será efectuado directamente a orden da Universidade da Coruña á persoa beneficiaria mediante transferencia bancaria á conta de Bancaja da que sexa titular, en dous prazos:

- O primeiro pago (80% do importe total da bolsa) farase efectivo unha vez presentado o certificado de incorporación suscrito pola Universidade de acollida na Oficina de Relacións Internacionais.



- O segundo pago (20% do importe total da bolsa) farase efectivo finalizada a estancia unha vez presentado o certificado de estancia suscrito pola la Universidade de acollida na Oficina de Relacións Internacionais.
- O financiamento farase con cargo á partida orzamentaria 9870990223 422D 487.00

Importe das axudas:

Estas axudas están suxeitas á lexislación fiscal vixente.

- a) O importe das axudas a estudantes distribuirase ata esgotar o presuposto dispoñible a razón de 1.200 euros para estancias de curso completo, de 600 euros para estancias dun semestre.
- b) Para calcular o importe da axuda terase en conta o tempo da estancia no momento de asinar o contrato financeiro. En ningún caso se terá en conta a ampliación da estancia.

Compatibilidade:

Estas bolsas son compatibles coa percepción doutras axudas para o mesmo fin, a excepción de axudas promovidas por entidades o grupos financeiros distintos a Bancaja.

Información:

Universidade da Coruña
Oficina de Relacións Internacionais
Casa do Lagar. Campus de Elviña
15071 A Coruña
Tel: 981 167 000
Fax: 981 167 013
Email: rrii@udc.es

E nas páxinas web:

www.udc.es o www.udc.es/ori y en www.bancaja.es/obrasocial

A Coruña a 10 de setembro de 2009

O Reitor

Asdo.: José María Barja Pérez